

## CALENDARIO ELECTORAL DAS ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES DOS FUNCIONARIOS PÚBLICOS NA XUNTA DE PERSOAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

**12 de abril.** Inicio do proceso electoral coa constitución da mesa electoral ás 12:00 h da data sinalada polo promotor,

**13 de abril.** Exposición no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento de Galicia do censo electoral provisional coa listaxe de persoas electoras e elexibles, durante un mínimo de 3 días.

**18 de abril.** Remata a exposición do censo electoral provisional

**19 de abril.** Día para a presentación das reclamacións perante a Mesa electoral, contra a inclusión ou a exclusión de nomes da lista provisional

**20 de abril.** Día para a resolución das reclamacións, publicación do censo definitivo e fixación do número de representantes a elexir

**21 de abril.** Comeza o prazo de 9 días hábiles para a presentación de candidaturas

**4 de maio.** Remata o prazo para a presentación de candidaturas

**8 de maio.** Proclamación das candidaturas e a súa publicación no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento.

**9 de maio.** Día para a presentación de reclamacións contra a proclamación de candidaturas.

**10 de maio.** Día para a resolución das reclamacións e para a proclamación definitiva das candidaturas. Publicación no taboleiro de anuncios e na WEB do Parlamento de Galicia.

**11 de maio.** Iniciase a campaña electoral, que rematará o **22 de maio ás 20:00 h**

**12 de maio.** Remata o prazo para solicitar o voto por correo

**23 de maio.** Constitución da Mesa electoral ás 8:30 h. Celebración das **eleccións, entre as 9:00 h e as 14:00 h**. Ao remate realizarase o recuento de votos en acto público e asinarase a acta correspondente.

**24 de maio.** Publicación do resultado das eleccións no taboleiro de anuncios e na WEB. Día para a presentación de reclamacións perante a mesa electoral

**25 de maio.** Día para a resolución das reclamacións

**26 de maio.** Remata o prazo para remitirlles a acta do escrutinio á Mesa do Parlamento, ás organizacións sindicais que presentaron candidatura e aos representantes electos e para remitirle á oficina pública o orixinal da acta xunto coas papeletas de votos nulos ou impugnados polos interventores e a acta de constitución da mesa

**26 de maio.** Publicación dos resultados no BOPG e expedición de certificacións da condición de persoa compoñente da xunta de persoal. Remisión da documentación á oficialía maior.

**O horario de rexistro do Parlamento é de luns a venres, de 9:30h a 14:00h e de 16:30h a 18:30h. Os sábados o horario é de 10:00h a 13:00h**